Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m² · Tipo B: 0,4 m²/m² · Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.



Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.


Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.






Plano nº 3.3 do PXOM. SOLO URBANO.



Plano nº 2.13 do PXOM.





Plano nº 0151A-0605 do PBA.



Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Auga potable e Saneamento.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA. PROMOTORA: PAULA POUSO SANLÉS. LUGAR: XENXIDES, Nº 24, OLEIROS, OLEIROS, RIBEIRA

VISTA a **solicitud de licenza de segregación**, presentada por Dna. Paula Pouso Sanlés no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202300026885, o día **20 de novembro de 2023** para a segregación de parcela no Lugar de Xenxides 24, Parroquia de Oleiros, en Ribeira

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **2 de outubro de 2025**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **20 de outubro de 2025**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **vista** a proposta de resolución emitida ao respecto polo secretario xeral da corporación, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, coa abstención da concelleira María Herminia Pouso Maneiro (art. 76 da Lei 7/85 RBRL), adopta o seguinte **ACORDO**:



-PRIMEIRO:- **CONCEDER** a Dna. Paula Pouso Sanlés licenza de segregación (Nº 8/25), para a segregación de parcela no Lugar de Xenxides 24, Parroquia de Oleiros, en Ribeira.

-Deberá adaptarse ás determinacións establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 2 de outubro de 2025

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

7.- PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA ANO 2025 – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta de resolución da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 04/02/2025, relativa á concesión de prórroga de xustificación da subvención nominativa, ano 2025, para celebrar “Campañas Anuais”, na que expón:

*“Que a Asociación de Empresarios CIF G15045594 como representante Francisco Manuel Martínez Gude D.N.I. ***596*** teñen asinado un convenio de colaboración para unha subvención Nominativa durante o exercicio 2025 para celebrar “CAMPAÑAS ANUAIS”; por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 03/12/2025 con Nº de rexistro de entrada 202500029103:*

Autorización para que se lles conceda unha prórroga de 15 días naturais hasta o mércores 07 de xaneiro de 2026 tal como se recolle na Cláusula Terceira do convenio:

Terceira: Normas que rexerán a xustificación e pagamento da subvención serán as seguintes:

- O prazo de xustificación da subvención finalizará o 23 de decembro de 2025, agás que se solicitara e concedera unha prórroga. A prórroga que se conceda será única, e non excederá en



ningún caso do prazo de quince días naturais."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar á Asociación de Empresarios de Ribeira unha prórroga de 15 días naturais para xustificar a Subvención Nominativa do ano 2025 para celebrar "Campañas Anuais" con data límite de mércores 07 de xaneiro de 2026.
- Tal e como recolle a cláusula terceira do convenio: As normas que rexerá a xustificación e pagamento da subvención serán as seguintes: O prazo de xustificación da subvención finalizará o 23 de decembro de 2025, agás que se solicitara e concedera unha prórroga.
A prórroga que se conceda será única, e non excederá en ningún caso do prazo de quince días naturais.
- Dar traslado deste acordo ao interesado e ao Servizo de Intervención de Ribeira para o seu coñecemento.

8.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE POSTO INFORMATIVO EN ESPAZO PÚBLICO – Solidaridade Galega co Pobo Saharaui

Visto o escrito presentado por María Isla Avió en representación de **Solidaridade Galega co Pobo Saharaui**, de data 04/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.195), no que solicita autorización para a instalación dun posto informativo e solidario no mercadillo de Ribeira os días 13 e 20/12/2025, co obxecto de informar sobre o programa "Vacacións en Paz 2026" e recadar fondos para dito programa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar ao interesado que este concello non ten inconveniente na instalación dun posto informativo e solidario no mercadillo de Ribeira os días 13 e 20/12/2025, sen embargo non é posible conceder autorización debido a que, na ubicación onde se pretende instalar o posto informativo, este concello non ten competencia para conceder tal autorización, xa que a mesma recae na entidade **Portos de Galicia**, polo que deberá solicitar o permiso para tal instalación a dita entidade.
- Informar ao interesado que sí se lle autoriza á instalación dun posto informativo e solidario os días 13 e 20/12/2025, pero noutra ubicación que non sexa de competencia de Portos de Galicia, polo que deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a súa ubicación.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

9.- ACHEGA CONCEDIDA AO MUSEO ETNOGRÁFICO DO CENTRO RECREATIVO DE ARTES (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro



Rego, de data 05/12/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico do Centro Recreativo de Artes.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 04/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico do Centro Recreativo de Artes.

10.- SOLICITUDE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA “IV EDICIÓN GASTROMAR” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta do Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 05/12/2025, relativa á autorización do adianto do 50% da subvención nominativa para a realización do evento gastronómico “Gastromar”, no que expón:

*“Que a Asociación de Empresarios de Riveira CIF G15045594 como representante Francisco Manuel Martínez Gude DNI ***596*** solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 05/12/2025 con Nº de rexistro de entrada 202529325, solicitando:*

1. *Un adianto do 50% con carácter urxente, polo importe de 10.000€, da Subvención Nominativa de 20.000€ para a realización do evento gastronómico “Gastromar” que se celebrou en Ribeira, na Praza de España, do 22 ao 24 de agosto de 2025.”*

Visto o informe técnico emitido pola Técnica de Comercio e Turismo, Sandra Fernández Gómez, de data 12/05/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** con carácter extraordinario e urxente un adianto de 10.000,00 € da subvención nominativa para a xustificación da realización da IV edición de GASTROMAR, que se celebrou na Praza de España de Ribeira do 22 ao 24 de agosto de 2025.
- Dar traslado deste acordo ao interesado para o seu coñecemento.

11.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN MOTOCUB OS REVENTAPISTÓNS (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 05/12/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocub Os Reventapistóns.



Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motoclub Os Reventapistóns, polo importe de 5.500.00 €, con cargo á partida orzamentaria 431-48005.

12.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: SEMINARIO DE MÚSICA ANTIGA

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 05/12/2025, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto “Seminario de Música Antiga”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor e Tesoureiro, de data 09/12/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

SEMINARIO DE MÚSICA ANTIGA	DURACIÓN POR ENCONTRO	INSCRICIÓN POR ENCONTRO	INSCRICIÓN NOS TRES ENCONTROS	PREZO ALUMNADO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA / ALUMNADO SEMINARIO SAXOFÓN OU FRAUTÍSIMAMENTE
MODELO 1	60 MIN		144,00 €	120,00 €
MODELO 2	60 MIN	48 €		40,00 €
OINTES		15 €	45,00 €	GRATUITO
*O Número de horas lectivas en cada encontro non poderá superar as 12.				

2.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Ribeira “Enrique Paisal”).

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.



13.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE PUNTOS DE VENDA SOLIDARIA EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Pro Saúde Mental A Creba

Visto o escrito presentado por José Ramón Girón García en representación da **Asociación Pro Saúde Mental A Creba**, de data 09/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.379) no que solicita autorización para a instalación de dous puntos de venda de material e agasallos de Nadal, os días 15 e 17/12/2025, na Rúa de Galicia (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación de dous puntos de venda de material e agasallos de Nadal, os días 15 e 17/12/2025, na Rúa de Galicia (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

14.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/12/2025, relativa á autorización de uso temporal de instalación municipais adscritas á área de cultura por entidades sen ánimo de lucro para actividades de interese social e cultural abertas á cidadanía, e na que expón:

“Á vista das solicitudes recibidas na área municipal de Cultura referida a dispor do Uso Temporal de instalacións municipais adscritas a este departamento.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural e social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previo consulta da axenda de reservas da instalación obxecto desta proposta, emítese INFORME FAVORABLE de Uso Temporal para a celebración das seguintes actividades organizadas polas entidades solicitantes:

- **CEIP O Grupo** (Rexistro 2025 27068 de 10/11/2025)

Auditorio Municipal (Avda Constitución)

Mércores 17/12/2025 de 8.00 a 15.00 h

Celebración do espectáculo de nadal “Voa, voa” a cargo da compañía Talía Teatro destinado ao alumnado do centro. Inicio ás 12 h cunha duración 60 min.

Xunto a disponibilidad de uso desta instalación solicita a colaboración municipal da asistencia técnica de sala, polo que infórmase que se traslada á área municipal de educación para que sexa atendido.

- **Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín** (Rexistro 28020 de 21/11/2025)

Centro Social-Cultural de Oleiros

Sábado 20/12/2025 e 17/01/2026

Trasladar os obradoiros Linedance e baile social que celebra en Ribeira nas instalacións da Sala Municipal de Danza ubicada no Conservatorio M. Música por mor da axenda de concertos do propio conservatorio, mantendo o horario de 18.30 a 22.30 horas.



- **Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume** (Rexistro 28177 de 24/11/2025)

Centro Social-Cultural de Oleiros

Sábado 13/12/2025 de 9.00 a 20.00h

Xuntanza e merenda de nadal co alumnado e socios da entidade.

O GBMT Tahúme dexesa recuperar a celebración deste evento: a chegada do nadal (ágape e música ambiente) coa participación do alumnado do grupo xunto con familiares e socios. Horario de 17 a 24 h e o número de asistentes será de 60 persoas.

- **Asociación Vivir Corrubedo** (Rexistro 2025 28050 de 22/11/2025)

Centro Social-Cultural de Corrubedo

Martes 23/12/2025 de 17.00 a 20.00 h

Celebración de Nadal. Visita de Pai Noel

Achega Declaración responsable asinada 17 de novembro de 2025

Xunto a dispoñibilidade de uso desta instalación solicita chocolate e churros para ese evento, polo que infórmase que será atendido por esta área dentro da programación de nadal 2025/2026.

- **Colexio Galaxia** (Rexistro 2025 28963 de 02/12/2025)

Centro Cultural Lustres Rivas

Martes 16/12/2025 de 11.45 a 13.15h

Celebración dunha charla de "Química" impartida pola Universidade de Santiago de Compostela e destinado ao alumnado do centro.

- **Asociación Ateneo de Ribeira** (Rexistro 2025 29026 de 03/12/2025)

Centro Cultural Lustres Rivas

Xoves 11/12/2025 de 19.30 a 21.30h

Presentación literaria. Libro de Mohamed Safa "Gaza: un xenocidio televisado"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** o uso temporal destas instalacións municipais en atención as solicitudes anteditas co obxecto de celebrar actos e programas organizados a instancia das propias entidades interesadas.
- **Notificar** o acordo a cada unha das entidades solicitantes xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puideran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a



- cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

15.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2025-2026

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/12/2025, relativa á aprobación da programación de Nadal 2025-2026, e na que expón:

“A área de cultura impulsa un ano máis unha completa programación de Nadal que é posible grazas tamén á colaboración doutros departamentos municipais como comercio, turismo, xuventude, UCA, etc. así como á participación de todo o tecido asociativo local.

O programa de Nadal contará con multitude de espectáculos e accións, que se desenvolverán fundamentalmente en horario de tarde e con propostas para todos os públicos, con especial aposta por aquelas actividades de carácter infantil- familiar e tamén festivais impulsados polas asociacións e entidades culturais e sociais. As actividades celebraranse tanto en Ribeira como nas parroquias a onde chegarán propostas como o Nadal nas parroquias ou o Autobús Real. Ademais incorpóranse tamén accións de dinamización comercial e animación de rúa como son as actuacións de charangas, o tren infantil, etc para a posta en valor dos negocios e locais de hostalería e o fomento da súa actividade comercial nestas datas tan sinaladas. Tampouco faltarán na programación a celebración do Fin de Ano e a Cabalgata de Reis e outras moitas accións.

Achégase a esta proposta o calendario completo de actividades, que abrangue do 13 de decembro de 2025 ao 5 de xaneiro de 2026.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a celebración da programación de Nadal 2025 -2026
- **Dar traslado** desta programación á Policía Local e Gaem aos efectos de solicitar a súa colaboración para garantir o desenvolvemento ordenado das principais actividades, fundamentalmente as que teñen lugar ao aire libre e/ou aquelas nas que sexa preciso.

16.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 429/2025 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 429/2025, de data 02/12/2025, emitida polo Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se estima parcialmente a demanda (SSS Seguridad Social en materia prestacional 0000548/2024) interposta por María Pilar Crujeiras Bretal contr o INSS e o Concello de Ribeira.



**17.- DACIÓN DE CONTA DA DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO TRIBUNAL DE INSTANCIA
SECCIÓN CIVIL DE INSTRUCCIÓN PRAZA Nº 1 DE RIBEIRA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Dilixencia de Ordenación, de data 13/11/2025, remitida polo Tribunal de Instancia Sección Civil de Instrucción Praza nº 1 de Ribeira, pola que se confirma o auto de sobreseimento da Audiencia Provincial de A Coruña, de data 23/06/2025.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

